



P R O G R A M A

MELLORA EMPREGABILIDADE
NOS CENTROS



Curso académico 2023-2024

SEMINARIOS EN FACULTADES E ESCOLAS UNIVERSITARIAS

Os estudantes que completen a participación (ao menos do 80%) nos **tres módulos do PMEC** terán dereito a solicitar **1 crédito ECTS**, aínda que tanto as persoas egresadas coma o alumnado da UDC -sen ter dereito ao dito crédito- poderán cursar os módulos de forma individual, segundo o teu interese.

É unha formación teórico-práctica dirixida a estudantes e persoas egresadas de todas as titulacións da UDC, incluídos mestrados e doutorados.

Os obxectivos, contidos, modalidade e matrícula de cada un dos módulos explícanse nos apartados correspondentes desta páxina.

O prazo de inscrición no Módulo 3 está aberto no formulario correspondente a continuación (INSCRICIÓN).

MÓDULO 3

"EXPERIENCIAS E CASOS PRÁCTICOS DE INSERCIÓN LABORAL"

Día: 13 de xuño

Horario: de 10:00 a 14:00 h

1 crédito ECTS* (+info no cartel)

Dirixido a estudantes e persoas egresadas da UDC

Modalidade "Online" (Teams)

CONTIDOS

A sesión organízase en tres áreas temáticas:

1- EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN

Consellos das persoas expertas en emprendemento:

- Como comezar?
- Unha persoa soa ou en compañía?
- Que factores inflúen no éxito dunha idea?
- O impacto da IA no emprendemento

+info no Programa

2- SAÍDAS LABORAIS NO EMPREGO PÚBLICO E PRIVADO

Orientación laboral para a inserción laboral: procesos de selección tanto para o sector público coma no privado.

+ info, ver o Programa.

3- EXPERIENCIAS LABORAIS DE PERSOAS EGRESADAS DA UDC

Persoas mozas egresadas da UDC contarán as súas experiencias de acceso ao emprego por conta allea (probos de selección) e o proceso de creación de empresas:

- Como xurdiron as ideas de negocio?
- Obstáculos?
- Expectativas, desafíos e logros
- Que é ALUMNI UDC?

Para obter máis info polo miúdo, consulta o Programa.

inscríbete!

- **CARTEL + PROGRAMA**
- **INSCRIPCIÓN: [AQUÍ](#)**



MÓDULO 1

SEMINARIO DE EMPRENDEMENTO

"SEMINARIO DE FOMENTO DA CULTURA EMPRENDEDORA"

Duración: 3 h

Ten como obxectivo difundir como se xeran as ideas empresariais e poder romper os mitos sobre a figura do emprendedor/a, amosando que calquera persoa con gañas e esforzo, pode converter a súa idea nun proxecto empresarial. O contido formativo versará sobre a explicación da figura do emprendedor/a, a idea de negocio e a posta en marcha. Este formación teórica complementarase cunha dinámica sobre a metodoloxía de xeración de modelos de negocio – Canvas.

Este seminario poderá realizarse **presencial ou online (a través do TEAMS da UDC)** . Cada seminario estará dirixido ao alumnado de cada centro (facultade ou escola universitaria) ou ao alumnado de distintos centros segundo o programa consensuado con eles e, na medida que se vaian concretando as datas e modalidade (presencial ou online), publicaranse de forma sucesiva no seguinte apartado.

SEMINARIOS DE EMPRENDEMENTO

- Facultade de Informática, 8 de novembro de 2023 de 10:30 a 13:30h (en liña).
- Facultade de Turismo, 16 de novembro de 2023 de 11:30 a 14:30h (en liña).
- Facultade de Ciencias, 21 de novembro de 2023 (Presencial).
- Facultade de Ciencias da Comunicación. 22 de novembro de 2023, de 10:30 a 13:30. (Presencial).
- Facultade de Humanidades e Documentación. 23 de novembro de 2023 de 11:00 a 14:00 h (Presencial).
- Facultade de Fisioterapia, 24 de xaneiro de 2024 de 10:00 a 13:00h (en liña).
- Facultade de Economía e Empresa, 28 de novembro de 2023 de 11:30 a 14:30h. Aula 2.09 (Presencial)

Inscripcións: [Aquí](#)

MÓDULO 2

SEMINARIO ORIENTACIÓN LABORAL

"PROBAS DE SELECCIÓN DAS EMPRESAS E RECURSOS BÁSICOS PARA A BUSCA DE EMPREGO E PRÁCTICAS"

Duración: 3 h

Obxectivo xeral: desenvolver as competencias básicas necesarias para enfrontar os

procesos de selección de persoal utilizados polas empresas na avaliación das persoas candidatas ás ofertas de emprego ou de prácticas.

Os obxectivos específicos:

- Aprender a elaborar o CV adaptándoo a cada oferta de prácticas ou emprego, saber seleccionar e potenciar os datos máis salientables e a elixir formatos e soportes máis adecuados segundo a empresa e posto.
- Familiarizarse coa proba da entrevista e os seus tipos, coñecer as preguntas habituais, aquelas máis novidasas e aprender a identificar as competencias que avalía.
- Coñecer os recursos básicos para a procura de prácticas e emprego (portais xeralistas e específicos de emprego e prácticas, a Rede EURES, programas de prácticas para estudantes e persoas recentemente egresadas, preparar a autocandidatura espontánea e reflexionar sobre a estratexia dixital para preparar a candidatura, os contactos e as redes sociais profesionais, etc.).
- Posibilidade de revisar os CV das persoas interesadas tras o seminario.

SEMINARIOS DE ORIENTACIÓN LABORAL PROGRAMADOS 2023-2024

- **FACULTADE DE SOCIOLOXÍA.** 7 e 14 de novembro de 2023. De 13:30 a 15:00 h. Salón de graos (Presencial).
- **FACULTADE DE INFORMÁTICA.** 25 de xaneiro de 2024. De 10:30 a 13:30. Aula A 2.8 (Presencial)
- **FACULTADE DE FISIOTERAPIA.** 31 de xaneiro de 2024. De 16:30 a 19:30. (Presencial).
- **FACULTADE DE TURISMO.** 21 de febreiro de 2024. De 11:30 a 14:30. Aula 2.12 (Presencial).
- **FACULTADE DE CC. DO TRABALLO.** 22 de febreiro de 2024. De 11:00 a 14:00. Aula 3 (Presencial)
- **FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN.** 29 de febreiro de 2024. De 11:30 a 14:30. Aula Magna (Presencial)
- **FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA (FEE).** 13 de marzo de 2024. de 11:30 a 14:30. Aula 2.10 (Presencial)
- **FACULTADE DE CIENCIAS.** 20 de marzo de 2024. De 11:00 a 14:00. Aula 11 (Presencial)
- **ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA (EUATAC).** 3 de abril de 2024. De 12:30 a 15:30. Salón de Graos (Presencial)

Inscripcións: [Aquí](#)